

Galicia segue sumándose ao cooperativismo




2012

Año

Internacional das

Cooperativas

As empresas cooperativas
axudan a construír un mundo mellor



As cooperativas son un
recordatorio á comunidade
internacional
de que é posible perseguir
a viabilidade económica
e a responsabilidade social.

*Ban Ki-moom, secretario xeral
das Nacións Unidas*



.....

Galicia segue sumándose ao cooperativismo

2012

Ano

Internacional das

Cooperativas

As empresas cooperativas
axudan a construír un mundo mellor

.....

.....

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas proclamou o 2012 como Ano Internacional das Cooperativas e resaltou a contribución das cooperativas ao desenvolvemento económico e social.

Baixo o lema “As empresas cooperativas axudan a construír un mundo mellor”, perséguese crear maior conciencia sobre a contribución das cooperativas ao desenvolvemento económico e social e fomentar a súa constitución e crecemento, para abordar necesidades económicas mutuas e lograr unha plena participación económica e social.

Na resolución oficial da Asemblea Xeral da ONU especifícase claramente as recomendacións a seguir para todos os gobernos que a integran, e todas as organizacións propias das Nacións Unidas. A ONU recoñece, neste documento que: “as cooperativas, nas súas distintas formas, promoven a máxima participación posible de todas as persoas no desenvolvemento económico e social, incluídas as mulleres, os mozos, as persoas de idade, as persoas con discapacidade e as persoas indíxenas, que son cada vez máis un factor clave do desenvolvemento económico e social e contribúen á erradicación da pobreza”.



.....

Galicia súmase a este Ano Internacional por medio de iniciativas xestionadas de xeito cooperativo e coordinado entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, e as asociacións de cooperativas, que teñen elaborado unha programación conxunta para a realización de distintas actividades e eventos durante este ano 2012:

- Elaboración de publicacións, reportaxes e materiais divulgativos.
- Celebración de xornadas técnicas sobre temática cooperativa.
- Celebración dun Encontro Internacional Cooperativo e Mostra Cooperativa.
- Declaracións institucionais de apoio ás cooperativas.
- Presenza internacional na exposición da Alianza Cooperativa Internacional (ICA EXPO 2012).

A través delas, quérese destacar especialmente a importancia das cooperativas para o emprendemento e a xeración de emprego e, particularmente, que as cooperativas:

- Ofrecen un enfoque de crecemento económico a longo prazo e oportunidades para articular e viabilizar proxectos.
 - Teñen unha importante resistencia á crise económica global e crean empregos sostibles en todos os sectores, evitando a deslocalización.
 - Procuran a satisfacción das necesidades dos socios e da súa contorna social, creando riqueza e benestar social.
-



O encontro internacional

Baixo o lema “As empresas cooperativas axudan a construír un mundo mellor”, celebrárase en Santiago de Compostela un encontro internacional os días 5 e 6 de xullo.

O encontro enmárcase nas actividades divulgativas e formativas do proxecto europeo COOPERA+, cofinanciado polo Programa de Cooperación Territorial España-Portugal 2007-2013, cuxo obxectivo é articular medidas que contribúan ao fomento e consolidación das cooperativas na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, co fin de xerar máis e mellores empregos, mediante a realización de accións de asesoramento, formación e información dos diferentes axentes galegos e portugueses vinculados á promoción do cooperativismo e da economía social.

Neste encontro, presentaranse experiencias de boas prácticas nos aspectos económicos e sociais, co obxecto de coñecer de primeira man distintas realidades e enfoques que destacan pola posta en práctica de valores cooperativos e que permitirán enriquecer a formación e as análises de cooperativistas, axentes cooperativos, técnicos e estudosos en xeral.

Tamén se abordarán especificamente, as liñas de actuación públicas e privadas para o fomento do cooperativismo en Galicia.

Durante as xornadas do xoves e venres, 5 e 6 de xullo, contarase con relatores procedentes de distintas partes do mundo, que achegarán a súa particular visión sobre os seguintes temas:

- O cooperativismo ante a crise mundial.
- Experiencias cooperativas no ámbito agrario.
- Experiencias cooperativas no ámbito dos servizos sociais.
- Experiencias cooperativas na organización do traballo asociado.
- Novas fórmulas de cooperación.
- As redes cooperativas internacionais.
- Panorámica das políticas de fomento cooperativo no mundo.
- Estratexias de desenvolvemento cooperativo en Galicia.

As persoas interesadas en participar, deberán inscribirse a través da web: **www.cooperativasdegalicia.coop**, do correo electrónico: **info@cooperativas2012.coop**, ou do teléfono: **981 569 040**.



A mostra cooperativa

A mostra de produtos e servizos cooperativos organízase de xeito complementario e simultáneo á celebración dos encontros e nas mesmas instalacións, permanecendo aberta os días 5, 6 e 7 de xullo. Con ela procurárase a visibilización das actividades das cooperativas galegas e das invitadas aos encontros, mediante a exposición dos seus produtos e servizos, así como de toda aquela información que resulte de interese.

A mostra estará enfocada a facilitar as relacións de intercooperación e de carácter comercial, así como a posibilitar o establecemento de canles de comunicación e colaboración entre todos os participantes e visitantes.

Está prevista a presenza de cooperativas a título individual, de asociacións de cooperativas, de organizacións e entidades asistentes aos encontros, así como presenza de carácter institucional.

As entidades que desexen participar na mostra, poden facelo a través de múltiples medios, desde a achega de información sobre as súas propostas e actividades para a incorporación á exposición colectiva, ata a instalación dun punto de atención onde poderán presentar a súa oferta de produtos e servizos, de xeito individual ou conxuntamente con outras entidades.

As entidades interesadas en participar, deberán inscribirse a través da web: **www.cooperativasdeg Galicia.coop**, do correo electrónico: **info@cooperativas2012.coop**, ou do teléfono: **981 569 040**.

0 día do cooperativismo galego

0 día do cooperativismo celébrase en Galicia o primeiro sábado do mes de xullo, coincidindo co día internacional. A celebración deste ano enmárcase nos actos centrais do Ano Internacional dedicados a poñer en valor esta fórmula empresarial.

A súa celebración, o **7 de xullo**, no **Pazo de Congresos e Exposicións de Santiago de Compostela**, será o colofón dunhas xornadas onde se porá de manifesto que Galicia, día a día, segue sumándose ao cooperativismo.

Neste día, no que están chamados a participar cooperativistas de toda Galicia, serán entregados os premios á cooperación na súa onceava edición. Estes premios teñen como finalidade fomentar e difundir o cooperativismo, os seus principios e valores, así como recompensar publicamente o labor que os cooperativistas, cooperativas e outras persoas e institucións veñen realizando a prol do desenvolvemento do movemento cooperativo en Galicia.

Os premios outórganse pola realización dun destacado labor no eido do cooperativismo e contan coas seguintes modalidades:

- **Premio aos valores cooperativos**, para aquela cooperativa, entidade ou persoa que máis teña destacado no impulso dos valores cooperativos.
- **Premio ao mellor proxecto cooperativo**, para o proxecto empresarial cooperativo de especial relevancia.
- **Premio á promoción do cooperativismo**, para a persoa ou entidade que teña destacado especialmente no fomento do cooperativismo.

Igualmente se entregaran neste día os premios do certame “cooperativismo no ensino”, dirixidos a difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e formación profesional de Galicia, potenciando e propiciando os valores e principios que o inspiran, tales como: a solidariedade, o espírito democrático, a participación, a actuación colectiva ou a solución de conflitos de forma pactada. A xornada rematará cos tradicionais xogos cooperativos.

As persoas interesadas en asistir, deberán inscribirse a través da web: www.cooperativasdegalicia.coop, do correo electrónico: info@cooperativas2012.coop, ou do teléfono: **981 569 040**.

As cooperativas operan en todos os sectores da economía, contan con máis de 800 millóns de socios e supoñen 100 millóns de empregos en todo o mundo.

En Europa representan:
123 millóns de membros
5.400.000 empregados
160.000 cooperativas

En España:
22.170 cooperativas
270.696 empregos
Máis do 80% dos postos de traballo son indefinidos.

En Galicia:
1.136 cooperativas activas
Máis do 2% dos ocupados galegos están vinculados ao cooperativismo.
88.000 socios (presentes en 1 de cada 11 fogares galegos).

Xa está aberta a inscrición para a participación:

- No Encontro Internacional Cooperativo
- Na Mostra Cooperativa
- No Día do Cooperativismo Galego

Inscríbete xa a través da web www.cooperativasdeg Galicia.coop
por correo electrónico: info@cooperativas2012.coop
ou no teléfono: 981 569 040.

www.cooperativasdeg Galicia.coop



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

